

## CARACTERÍSTICAS DA ÉPICA LATINA

---

Xénero literario escrito en verso que narra as fazañas de heroes do pasado. A épica como xénero literario xorde en Grecia no século VIII a.C. da man do poeta Homero. As orixes desta épica están na tradición épica popular oral, transmitida de xeración en xeración. A poesía épica latina nace como xénero que busca celebrar as orixes e as glorias do pobo romano dunha forma poética.

As súas orixes son exclusivamente romanas: existían *elóxia*, eloxios nos funerais, e os *carmina convivalia* (poemas cantados nos banquetes dos patricios romanos); nestas composicións ensálzase as glorias dunha persoa considerada como heroe. No entanto, o punto de partida fundamental da epopea latina é a poesía épica grega de Homero. Pero os romanos prefiren unha épica nacional que cantaba aos heroes da historia romana, xurdindo así unha epopea nacional que ensalza o pasado de Roma.

- Está escrita en verso, o seu verso métrico é o **hexámetro dactílico** aínda que nas primeiras obras épicas latinas utilizouse o saturnio, verso orixinal romano.
- Canta as fazañas dun heroe.
- Utilización frecuente de epítetos épicos e fórmulas fixas: "Aquiles o dos pés lixeiros:..." ... "Apolo o que fere de lonxe...".
- Inclusión de símiles ou comparacións.
- Inclusión de elementos maravillosos e de seres divinos.
- O ton é glorioso e solemne.

O máximo representante é Virxilio coa súa *Eneida*. Posterior a Virxilio destaca Lucano coa *Farsalia*; anterior a Virxilio destacan Livio Andrónico coa *Odisea*, Nevio con *Bellum Poenicum* (Guerra Púnica); Ennio con *Annales*.